

## SAT – SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

(Agrupación de Concellos de Noia, Lousame, Muros, Outes e Porto do Son)

### Que é o SAT?

É un servizo comunitario específico de Atención Temperá de carácter público e gratuito que atende á poboación infantil de 0 a 6 anos, ás súas familias e á súa contorna, que ten por obxectivo atender o máis axiña posible as necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos/as con trastornos no seu desenvolvemento ou con risco de padecelos.

### Que ofrece?

- Valoración funcional dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as.
- Apoio en todas as áreas de desenvolvemento do/a neno/a:
  - Desenvolvemento psicomotor
  - Desenvolvemento cognitivo
  - Desenvolvemento da linguaxe e comunicación
  - Desenvolvemento da autonomía
  - Desenvolvemento da área social e afectiva
- Apoio, información, habilitación e formación da familia:
  - Atención psicolóxica individualizada ás familias
  - Grupos de familias.
- Coordinación coa contorna:
  - Colaboración cos /as profesionais do ámbito social, educativo e sanitario e outros recursos da comunidade.
- Seguimento de casos que non acoden a atención continuada.

### Que profesionais compoñen o equipo do SAT?

3 Pedagogas, 1 Psicóloga, 1 Fisioterapeuta e 1 Terapeuta Ocupacional

### Como se pode acceder ao SAT?

- Calquera familia residente nos concellos de Noia, Lousame, Muros, Outes e Porto do Son poderá solicitar información no mesmo.
- Para o inicio da atención é preciso aportar o formulario de derivación de pediatría.

### Contacto



sat@noia.es



981 824 248



### Ubicación

Frai Lois Rodríguez, nº 9, baixo

15200 Noia (A Coruña)



Cofinanciado pola  
Unión Europea



Fondos Europeos



SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

**Esta entidade foi beneficiaria da convocatoria de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2022 a 2024, cofinanciada pola Unión Europea**



O obxectivo principal destas axudas é promover a autonomía persoal de menores de 0 a 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento

O resultado que se pretende acadar é facilitar a inclusión social e a igualdade de oportunidades de todos os nenos e nenas.

**Documentación:**

- **Díptico SAT**
- **Folleto Atención Temperá**
- **Decreto AT 183-2013**
- **Protocolo Atención Temperá**